

PRESENTACIÓN

Este número extraordinario da *Revista Galega de Economía* contribuirá, sen dúbida, a enriquecer e a profundar no debate das causas, dos efectos e das saídas da crise que actualmente afecta á eurozona.

Da abundante literatura sobre a chamada “gran contracción”, despréndese que os lexisladores non atopan, non saben ou non queren atopar na doutrina económica actual solucións ou receitas viables no curto prazo para enfrontarse aos desequilibrios que afectan á eurozona. Por que sucede isto? Poi, simplemente, porque a economía é unha ciencia social ou, se se prefire, é a ciencia que busca solucións económicas racionais para contrarrestar a irracionalidade do comportamento humano.

E, en xeral, iso facémolo moi ben os economistas. Estudamos os problemas da economía no pasado, analizamos as súas causas e formulamos teorías e modelos que serán, probablemente, útiles para mitigar as consecuencias da irracionalidade e reorientar as decisións de política económica en épocas de recesión.

Pero o problema xorde cando son outros os que, sen deixarse guiar polos economistas, intentan pór en práctica as súas ensinanzas. E, se non, que llo pregunten a Keynes, xa que non en vida, cando menos lendo desde a primeira ata a última páxina do seu ilustrativo e profético libro *As consecuencias económicas da paz*. A prol da obxectividade, hai que dicir que tamén se dá a circunstancia de que detrás de cada lexislador pode haber un economista interesado, ignorante –que tamén os hai– ou deshonesto que lle asegura que as súas decisións irracionais son socialmente útiles, aínda que, claro está, haberá que mantelas ben gardadas da opinión pública. Tanto hoxe como o foi daquela –refírese á crise do estado de benestar nos anos 1970–, é de aplicación o sinalado por T.W. Hutchinson (1976) na súa obra *Keynes vs the Keynesians: An Essay in the Thinking of J.M. Keynes and the Accuracy of its Interpretation by his Followers* (London: The Institute of Economic Affairs): “Os políticos dos nosos días coñecen os tópicos das teses keynesianas, pero non leron a Keynes. Séntense seguros nas súas propostas porque a súa indiscutible autoridade ampáraos”. As teses de Keynes (propostas racionais) convértense, así, en dogmas (crenzas irracionais). O mesmo podería dicirse da aplicación política das ensinanzas dos economistas neoclásicos ou monetaristas, cando as doutrinas “liberais” son aplicadas por lexisladores “libertarios”. Sobre este último aspecto, paga a pena, certamente, pararse a ler e a reflexionar sobre o penúltimo libro do malogrado historiador e ensaísta Tony Judt (2010) titulado *Algo va mal* (Madrid: Taurus). Ao meu modo de ver, este libro debería ser adoptado como libro de cabeceira de obrigada lectura dos nosos políticos e lexisladores europeos. É breve e dúas veces bo.

A carencia dun liderado firme na Unión Europea, con visión clara de a onde se quere ir, é unha situación que ilustra a incerteza e a perplexidade do cidadán europeo actual sobre a validez e o futuro da idea orixinal que tiñan de Europa os seus

creadores e impulsores. Pero, como se deduce dalgunhas das contribucións que o lector pode atopar neste número da *Revista Galega de Economía*, as solucións están ao alcance da man, só hai que atopar algunhas mentes racionais que as definan e as apliquen.

E, a continuación, para no cansar ao lector con máis evidencias, farei unha breve presentación das contribucións que contén este número da *Revista Galega de Economía* dedicado ao tema *Crise na eurozona*, cuxos autores tiveron a xentileza de acudir á miña chamada como coordinador do número.

A risco de caer nunha simplificación excesiva, os autores abordan o tema principal desde tres enfoques complementarios.

No primeiro atópanse os traballos de Antón Costas, Miguel Moltó, Manuel Sanchís e Laureano Lázaro. Son traballos que abordan os problemas da crise, as súas orixes inmediatas, as decisións adoptadas polas institucións da Unión e as reflexións e propostas persoais dos seus autores sobre como atopar o final do túnel entre tanta incerteza e escuridade. Nos catro artigos examínanse, desde cada visión persoal e desde a experiencia, as causas da crise, as carencias e os desequilibrios da Unión Económica e Monetaria e a necesidade de mellorar substancialmente a gobernanza da Unión Europea. O fío condutor das súas contribucións é o seguinte: máis cesión de soberanía en materia de política fiscal e a necesidade dun claro liderado na eurozona que fixe o rumbo da integración europea cara a unha decidida integración política que non se esqueza das disparidades económicas territoriais. E non descubro máis porque paga a pena dedicar un rato a ler e a reflexionar sobre o que escribiron. Son persoas que, dun modo ou doutro, están ou estiveron en contacto directo coa realidade das institucións europeas durante, cando menos, os últimos vinte e cinco anos.

Os traballos de Xosé Luis Outes e de Óscar Afonso e Rui Alves examinan os efectos que está tendo a crise en España e en Portugal. Ambos os dous parten dunha análise dos desequilibrios estruturais e das carencias propias de cada país, e formulan a cuestión de se as decisións adoptadas polo Consello Europeo e os instrumentos dos que dispón a eurozona servirán para reorientar a situación de inestabilidade creada pola crise, en particular, nos dous países mencionados.

O resto dos traballos, que paso a comentar, abordan temas específicos ou sectoriais e o impacto que a crise está deixando neles.

Así, o artigo de Isidro Frías, María del Rosario Díaz e Ana Iglesias estuda os efectos que está tendo a crise sobre a sostibilidade dos déficits por conta corrente, cunha especial análise do caso español. Conclúen que a sostibilidade do déficit por conta corrente en España se ve minguada porque os seus socios comerciais e as autoridades monetarias e crediticias non contribúen coas súas decisións –ou carencia delas– a aliviar a presión da crise e a mitigar os custos sociais que está provocando.

Vicente Menezes e Óscar Rodil analizan no seu traballo os efectos adversos que está producindo a crise sobre o consumo privado e, en consecuencia, sobre a demanda agregada. Para iso, adoptan como método de estimación a influencia do

efecto riqueza sobre o consumo privado en dez Estados membros da eurozona. A interpretación dos resultados da súa análise é que existe un efecto riqueza significativo que afecta ao comportamento do consumo, tanto en fases expansivas como en fases de recesión.

Begoña Álvarez, Lucía Boedo e Dolores Lagoa estudan o excesivo endebedamento empresarial no contexto da crise actual. Manteñen que o tratamento do proceso de endebedamento empresarial antes da crise non tivo en conta suficientemente o risco que se estaba asumindo. Propoñen un novo enfoque para analizar o proceso de endebedamento e presentan unha análise empírica e comparativa dese proceso en España.

José Pablo Abeal e José Manuel Sánchez examinan para cinco países da eurozona a relación que existe entre os mercados financeiros e inmobiliarios, así como a influencia dos instrumentos monetarios do Banco Central Europeo (BCE) sobre a estabilidade destes mercados na eurozona. Conclúen que o prezo da vivenda é unha variable que inflúe no resto das variables macroeconómicas e cuxos efectos se manteñen no longo prazo. Polo que respecta á actividade do BCE, os autores sinalan que as variacións dos tipos de xuro de referencia obteñen diferentes respostas segundo o país de que se trate. Este feito limita as posibilidades da política monetaria de contribuír á estabilidade destes mercados na eurozona.

Manuel Octavio do Campo e Francisco Jesús Ferreiro poñen de manifesto no seu traballo que a redución do fluxo crediticio cara ao sistema produtivo producido pola crise financeira fixo necesario o recurso ao financiamento público, sen o cal as empresas aínda terían maiores dificultades de acceso ao crédito. Tomando como exemplo relevante a actividade do Instituto de Crédito Oficial (ICO), os autores atopan que, aínda que o ICO desempeña un papel relevante no financiamento público do sistema produtivo, este non chega ao beneficiario último coa necesaria rapidez e eficiencia. Por iso, propoñen unha serie de medidas que mellorarían a eficacia da acción financeira do ICO no tocante á súa función de facer chegar os fondos públicos coa celeridade e a calidade de selección adecuadas.

Finalmente, Pedro Rey sinala no seu artigo que o avellentamento da poboación nas sociedades europeas está reducindo progresivamente a poboación activa e aumentando o número de persoas dependentes. Avoga polo estímulo á permanencia na actividade dos traballadores de entre 55 e 64 anos, facilitándoa mediante incentivos adecuados. Así mesmo, láméntase de que na Estratexia Europa 2020, a problemática dos traballadores maiores ocupe un papel secundario por detrás do paro xuvenil e dos problemas do sector financeiro.

Vaia o meu afectuoso agradecemento a todos os autores por estaren dispostos a colaborar e a divulgar os seus coñecementos na *Revista Galega de Economía*. Deseño sinceramente que isto contribúa a que os lectores poidan comprender mellor que a saída positiva desta crise se conseguirá con máis integración e solidariedade en Europa, aínda que na situación actual de absoluta carencia de liderado europeo e de imposicións para que o sufrido cidadán siga facendo máis buratos no seu cinto,

pode que sexa necesario previr ao lector do que o meu ensaísta favorito afirma nun dos seus mellores escritos: “*If we look to European Union as a solution for everything [...] we shall wake up one day to find that far from solving the problems of our continent, the myth of «Europe» has become an impediment to our recognizing them [...] Europe is more than a geographical notion but less than an answer*” (Tony Judt (1996): *A Grand Illusion? An Essay on Europe*. New York, NJ: Hill and Wang).

JAIME GARCÍA-LOMBARDERO VIÑAS
Universidade de Santiago de Compostela

